EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA 5 DE AGOSTO DE 2010**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS:
D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez (CMÑ)

D. Rafael Lores Rosal
D.Manuel Rafael Estévez González
Dna.Emilia Giráldez Ramirez
Dña.Laura Miguez Pérez
Dña. Teresa Perez Vieira

D. Xose Enrique Fernández Fernández
D. Roberto C. Valverde Sabin

NON ASISTIU: D. Manuel A. Gonzalez Marcote (PSOE)

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a cinco de agosto de dous mil dez, reúnense os señores ditos enriba, co obxeto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pedindo un minuto de silencio polo accidente acontecido na refinería CEPSA en Palos de la Frontera, pobo co que estamos irmanados, no cal faleceron dous operarios da propia refinería.
Prodúcese un minuto de silencio; transcurrido o cal, o Sr.Alcalde procede á lectura do seguinte fax que remitirase ó Alcalde de Palos de la Frontera: “Enterado de la enorme pérdida que acabais de sufrir quiero enviaros desde Baiona, en estos momentos de dolor para todos los vecinos de Palos, nuestro más sentido pésame, especialmente a los familiares de las víctimas y a la Corporación de ese querido pueblo con el que nos unen estrechos lazos de amistad. Te comunico asimismo que la Corporación de Baiona, durante el Pleno celebrado hoy, hemos guardado un minuto de silencio en señal de duelo y solidaridad con todos vosotros. También deseamos una pronta recuperación a los heridos. Un fuerte abrazo desde Baiona”.

Recorda que o vénres próximo, día 13, celebrarase Pleno da Mancomunidade do Val Miñor para tratálo tema da Conta Xeral dos municipios do ano 2008, que quedara pendente de aprobación.

Pásase ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.-APROBACION DE ACTA ANTERIOR.**

***Acta de 10 de xullo de 2010.***

Sometida a devandita acta a votación polo Sr.Alcalde.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Na páxina 2, máis ou menos á mitade da miña intervención, ó final da páxina, pon: "o meu compañeiro Corcuera"; non é "Corcuera", é "Jorquera".

**SR.ALCALDE**.- Na páxina 24, en ROGOS E PREGUNTAS, contesto ó Sr.Lores sobre o tema da praia, e pon na acta: "falei ca Directora Xeral Dna.Alicia Costas,...", ao mellor foi un erro meu, pero é: "Dña.Alicia Paz", que é Directora Xeral de Costas.

**Non producíndose máis alegacións, fica aprobada por unanimidade a acta do 10 de xullo de 2010.**

**2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os Concelleiros dispoñen da devandita relación de resolucións da Alcaldía.

**3.-ADXUDICACION PROVISIONAL DA CONCESION DO USO PRIVATIVO DO BEN DE DOMINIO PUBLICO DESTINADO A QUIOSCO NA RUA ELDUAYEN Nº 20 E 21.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA,** quen explica que xa en Plenos anteriores tratouse o expediente da resolución da concesión a Isabel Martínez Alvarez, que era a antiga titular do quiosco, abríuse fase de licitación, aprobouse o Prego nun acordo plenario anterior, e unha vez recibidas as ofertas presentadas e dacordo coa proposta da mesa de Contratación, propónse adxudicar a concesión do quiosco sito na rúa Elduayen, 20 e 21, por un plazo de 15 anos prorrogables por outros 5 anos máis, a Dna.Purificación Rodríguez, por ser a licitadora que obtivo máis puntuación na fase de licitación.

**SR.RODAL, PP.-** Como bien comentó la Interventora, en Plenos anteriores habíamos traído la rescinsión del contrato del quiosco que anteriormente regentaba Dña.Isabel Martínez; se ha hecho una nueva contratación a la oferta económicamente más ventajosa, saliendo con un cánon anual inicial de 2.500 euros; pero, después de abrir el sobre, la propuesta económica es de 3.600 euros anuales lo que tendría que pagar de cánon por el servicio de explotación de este quiosco en Elduayen. Decir que en esta mesa de contratación han participado todos los grupos políticos de esta Corporación, por lo que entiendo que se aprobará por unanimidad. Muchas gracias.

**SR.ESTEVEZ, PSOE**.- Estamos dacordo; non temos máis que decir. Moitas grazas.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Antes de nada pedir disculpas á mesa de Contratación, da que somos membros tódolos grupos, debido á miña ausencia, xa que por compromisos laborais ineludibles non puden asistir. En todo caso, a miña confianza absoluta na mesa de contratación pola decisión tomada. Quixera facer simplemente dous incisos: ún, con respecto ás bases que se aprobaron e que se levaron adiante, porque como xa comentaramos nunha das Comisión eu creo que se deberán ver sempre, ó principio, máis polo miudo, porque as veces as bases que se recollen doutros Concellos non se adaptan moito á nosa realidade; é decir, decirlle a unha concesionaria deste tipo que durante todo o día esté sempre a mesma persoa pois ao mellor está fora de lugar e se poderían buscar outras alternativas que incluso sexan máis apetecibles para futuros concesionarios. Por outro lado, pedirlle ó Alcalde que a partir de agora, independentemente de quen sexa o concesionario, esixirlle que cumpra coa ocupación de vía pública; é decir, agora mesmo os quioscos están moito mellor situados en tódolos aspectos do que estaban antes, e o estorbo que poidan ocasionar ós viandantes nunha zona tan concurrida como é Elduayen vai a ser moito menor, todo está moito mellor diseñado e planificado, pero o

que non se pode consentir é que sigan ocupando moitísimo máis espazo por moitas excusas que teña; non creemos que sexa xustificable porque outros estiveron antes sen facélo, e sí rentabilizaban ben o negocio; polo tanto pediríamos ó Alcalde que fora máis vixiante ó respecto, e que fixera cumprir a normativa.

———————————————————————————————

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**Polo cal, o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**Primero.- Adjudicar provisionalmente a Dna. Purificación Rodríguez concesión del uso privativo del bien de dominio público constituido por el quiosco situado en la calle Elduayen, nº 20 y 21 con la obligación del pago de un canon anual por importe de 3600 euros.**

**Segundo.- Requerir a Dna. Purificación Rodríguez para que en un plazo de 15 días hábiles presente la siguiente documentación:**

1. Obligaciones tributarias:

a) Original o copia compulsada del alta en el Impuesto sobre Actividades Económicas en el epígrafe correspondiente al objeto del contrato, siempre que ejerza actividades sujetas a dicho impuesto, en relación con las que venga realizando a la fecha de presentación de su proposición, referida al ejercicio corriente, o el último recibo, completado con una declaración responsable de no haberse dado de baja en la matrícula del citado impuesto.
b) Certificación positiva expedida por la Agencia Estatal de la Administración Tributaria, en la que se contenga genéricamente el cumplimiento de los requisitos establecidos en el artículo 13 del RGLCSP.
Además, el licitador como adjudicatario provisional no deberá tener deudas en período ejecutivo de pago con el Concello de Baiona, salvo que las mismas estuviesen debidamente garantizadas. El certificado que acredite la inexistencia de deudas se aportará de oficio por la Administración Local.

2. Obligaciones con la Seguridad Social:
Certificación positiva expedida por la Tesorería de la Seguridad Social, en la que se contenga genéricamente el cumplimiento de los requisitos establecidos en el artículo 14 del RGLCSP.

3. Copia de la póliza del seguro suscrito para cubrir posibles daños al quiosco con un capital asegurado por importe de 60.000 €

4. Constitución de la garantía definitiva exigida por el importe previsto por alguno de los medios previsto en el art. 84 de la LCSP. El adjudicatario provisional estará obligado a constituir, a disposición del órgano de contratación, una garantía definitiva. Su cuantía será de 600 €, según lo previsto en el apartado F, del cuadro de características del presente pliego.

**4.- APROBACION DO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DA XESTION DE SERVIZO PUBLICO DE AXUDA NO FOGAR.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA.**

**SRA.INTERVENTORA.-** El servicio de Ayuda en el hogar, que actualmente tiene contratado el Concello de Baiona, finalizaba el contrato de la empresa adjudicataria en junio de 2010; como

consecuencia de ello se abrió expediente para contratarlo mediante un contrato de servicios, que era como se venía haciendo hasta la fecha; no obstante, de acuerdo con una orden publicada por la Consellería, de enero de 2009, se consideraba que el servicio público de ayuda en el hogar era obligatorio, de competencia municipal, y por lo tanto debía tramitarse a través de las formas que la Ley de Contratos prevée para las gestiones de servicio público, es decir, a través de concesión. Como consecuencia, la licitación se anuló recientemente, y por eso se eleva a Pleno lo que es la aprobación del expediente del Pliego para iniciar la fase de licitación de la gestión del servicio público de Ayuda a domicilio, la única diferencia es que al ser una gestión de servicio público el plazo máximo que permite la Ley son 50 años, en este caso se ha optado por 5 años con opción de prórroga a otros 5 años, prorrogables anualmente.
El valor estimado del contrato es aproximadamente 715.000 euros; la duración máxima sería de 10 años; dada su duración el órgano de contratación es el Pleno; por ese motivo se trae hoy a este Pleno para la aprobación del Pliego y la apertura de la fase de la licitación, así como la publicación del correspondiente anuncio en el BOP.

**SR.RODAL, PP**.- Como dice la propuesta de la Alcaldía, la Ley 4/1993, de 14 de abril, de Servicios Sociales, atribuye a los Ayuntamientos, entre otras, la competencia de creación y gestión de servicios sociales de atención primaria. En la Orden del 22 de enero de 2009, por la que se regula el servicio de ayuda a domicilio dictado por la Vicepresidencia. Por su parte la Orden de 22 de enero de 2009 por al que se regula el servicio de ayuda a domicilio dictado por la Vicepresidencia de la Igualdad y del Bienestar determina en su artículo 11 lo siguiente “ El servicio público de ayuda a domicilio se prestará por las entidades locales, bien directamente o bien mediante las diversas modalidades de contratación de la gestión de servicios públicos reguladas en al normativa vigente sobre contratos del sector públicos, a través de entidades privadas debidamente autorizadas”.
Actualmente este servicio lo está realizando la empresa ATENDO, con un contrato de servicio de 2 años prorrogable por otros 2 que, como ha dicho la Interventora, ha finalizado recientemente. La Xunta considera que este servicio público debe tener la consideración de concesión, de ahí que la gestión del servicio público de Ayuda al Hogar se adjudique por 5 años prorrogables por otros 5 años más, pero por períodos anuales; subrogando el personal actual, que ahora mismo son 5 personas las que ejercen esta labor, que actualmente prestan un servicio de 97 horas semanales. Respecto a los criterios de adjudicación, serán los siguientes: precio, mejoras en la prestación del servicio, y metodologías del trabajo.

**SR.LORES, PSOE.-** O grupo socialista vaise abster neste punto; unha, poque entendemos que esa é unha decisión administrativa do goberno, pero fundamentalmente porque queremos mantér tamén a posición que mantivemos nos orzamentos, onde nós pedíamos que tódolos servizos sociais levaran un incremento, tanto a axuda ó fogar como a axuda por emerxencia social; por isto nos abstemos, mantendo a coherencia dos orzamentos.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Decía o portavoz do PP que é competencia do Concello, e que pode facélo ben directamente ou por contratación; eu, non sei si é polo afán privatizador do Partido Popular, que é o que fai en tódalas áreas, ou si en realidade non se fixo ningún estudio para poder dar este tipo de servizo con persoal municipal; é decir, efectivamente é moi cómodo contratar cunha empresa este tipo de servizos, dende logo para o concellal responsable é moito máis cómodo, pero nós entendemos que aquí temos unha fonte de traballo que seguramente estaría moito mellor remunerado e en moitas mellores condicións laborais e que evidentemente o usuario, o Concello, aforraría sen dúbida ningunha o beneficio industrial das empresas. Polo tanto non sabemos se isto podería ser factible ou non, pero o que sí botamos en falta é que houbera un estudio pormenorizado do tema e estudiar dalgunha maneira que este servizo municipal se fixera con persoal propio. Senón fora factible, que as veces pode suceder, as veces hai que recurrir á empresa privada, pois estaríamos dacordo; pero, en principio, cos datos que temos, non o vemos viable deste xeito que nos presentan vostedes.

En principio estamos falando das bases simplemente, polo tanto creemos que isto debería de ir antecedido por un estudio que pedíamos, da viabilidade deste servicio; en todo caso o que podemos facer é pedir a retirada da Moción, e que se fixera ese estudio; eu non sei se urxe a contratación; nós creemos que se pode dar un servizo pero municipalizado, de mellor calidade, tanto para os usuarios como para os operarios.

**SR.ALCALDE**.- Non podemos retirar a moción porque como dixo antes a Sra.Interventora o tema é que finalizou o contrato e temos que seguir co servizo. Foi a modificación normativa a que nos di que temos que cambiar o sistema que había ata agora. Podemos votar a sua petición de retirada pero non podemos retirar a moción.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); abstencións, 7 (5,PSOE, 2, BNG).**

**Polo cal, o Pleno, por maioría, ACORDA:**

**<u>Primeiro</u>.- Aproba-lo expediente de contratación de concesión administrativa de xestión de servizo público de axuda ó fogar do Concello de Baiona cun prazo de duración de cinco anos prorrogables por outros cinco con procedemento aberto a oferta economicamente máis vantaxosa con varios criterios de adxudicación.**

**<u>Segundo</u>.- Aproba-los pregos de cláusulas administrativas particulares, anteproxecto de explotación e prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato.**

**<u>Terceiro</u>.- Abri-la fase de licitación do contrato mediante a inserción do anuncio no BOP de Pontevedra e perfil do contratante para que no prazo que se sinale no anuncio de licitación os licitadores poidan presentar as súas propostas.**

**<u>5.- APROBACIÓN DAS ALEGACIÓNS Ó INVENTARIO DE CAMIÑOS.</u>**

O Sr.Alcalde cede a palabra á Sra.Secretaria.

**SRA.SECRETARIA.-** En primer lugar decir que hubo una confusión en la propuesta, puse 2010 y la aprobación inicial fué en el 2009; se encargó a la empresa SERVICAT que hiciese un inventario de caminos que recogiese los que ya teníamos previstos y se incorporasen, en su caso, algunos que no habían sido contemplados en el anterior. Supone una modificación del inventario de bienes en general; se aprobó inicialmente por el Pleno, se expuso al público y fué publicado en el DOGA, en el diario de mayor difusión, en el BOP, y se presentaron 18 alegaciones. Por parte de los servicios técnicos y jurídicos se han contestado; algunas competen a los servicios técnicos, en cuanto los caminos que salieron se preveen si reunen los requisitos para su consideración como camino público; y otras cuestiones, las jurídicas, se han resuelto en base a las escrituras sin perjuicio de que existan derechos de propiedad, sin perjuicio de terceros, es decir, que si hay algún problema de propiedad entre vecinos lo tendrán que dirimir en el Juzgado por vía civil. Este es simplemente el Inventario de caminos, que tiene por objeto recoger los caminos que se consideran públicos; se tienen en cuenta los requisitos de alumbrado, saneamiento, etc., y sobre todo cumpliendo también el acceso rodado a las vías públicas para accesibilidade alas viviendas. Una vez contestadas las alegaciones, se propone ahora su aprobación por parte del Pleno de forma definitiva.

**SR.RODAL, PP.-** Recordar que hace exactamente 2 años se adjudicó el contrato de servicio de formación del Inventario con el fin de actualizar caminos y vías de titularidad municipal a la consultora SERVICAT; posteriormente se aprobó en esta misma sala, por unanimidad de

todos los grupos políticos, la aprobación inicial de dicho documento; y una vez transcurrido el período de exposición pública se recogieron 18 alegaciones al mismo, de las cuales 7 han sido estimadas, 10 desestimadas, y una está desestimada pero en espera de resolución del Juzgado; basándose, como bien ha dicho la Secretaria, tanto en los trabajos de catalogación de SERVICAT como en los informes de los servicios técnicos municipales de Urbanismo, e informes jurídicos de la Secretaría General, y que llevamos hoy al Pleno para su aprobación.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** ¿Tratamos los dos puntos juntos ó no?.

**SR.ALCALDE**.- Realmente es lo mismo; la votación será independiente porque además hay un concejal que presentó una alegación, y en ese caso se va a abstener.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** Nosotros somos partidarios del Inventario de caminos, y así hicimos la votación en la aprobación provisional; sin embargo lo que queríamos era plantear en este Pleno la retirada de los puntos 3 y 4, de las alegaciones y de la aprobación definitiva, y volver a estudiarlas, ya que hemos constatado en alguna de ellas, y ésta es nuestra propuesta: la retirada de este punto y su tratamiento en otro Pleno posterior, que por ejemplo las alegaciones del camiño Cruceiro y también de Ponte do Arroio, entendemos que hay documentación suficiente para determinar que no se podrían estimar esas alegaciones ya que el camino lo entendemos como público.
En la documentación que nos llega se establece que se ha requerido a la interesada en la alegación, documentación, y que la ha presentado; y una vez vista esa documentación se estimó la alegación; no lo ponemos en duda, para nada; pero sí que en el caso del camino Cruceiro existen sentencias del año 99 y 2001 del Juzgado de 1ª Instancia de la Audiencia Provincial que establecen ese camino como público, y que este Concello está enterado a través de escrito de 14.10.01, con número Registro entrada 4.709. Esta situación quizás los alegantes no la han manifestado, por lo cual se estimó la alegación; entendemos que se debe estudiar la documentación que estamos citando para que se pueda analizar y tomar en consideración.
Tampoco entendemos que en el tema de Ponte de Arroio, la inclusión de ese camino, de esa alegación, en un número de referencia catastral, pueda ser objeto para su desestimación.
Esta es nuestra propuesta; somos absolutamente partidarios del Inventario de caminos, pero entendemos que quizá podríamos aplazarlo y tomar en consideración algunas de estas situaciones para su mejor estudio y determinación. Muchas gracias.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Os que estamos aquí, os grupos políticos que estivemos algunha vez gobernando, todos sabemos que os camiños que existen no Concello, públicos, privados, son unha fonte continua de problemas e conflictos; todos somos coñecederos de iso; é unha cuestión que todos vivimos, situacións que as veces chegan a crear conflictos non soamente persoais senón incluso pelexas, lesións, e outras historias, e que acaban terminando no Xulgado. O Concello, neste caso, debera aplicarse a fondo nunha cuestión tan delicada como ésta. Eu de verdade lle digo que o goberno local, cando levou a cabo este traballo, tiña que haber creado unha Comisión, implicar a tódolos grupos municipais, e tratar de buscar dalgunha maneira o consenso; seguramente sería fácil chegar ó consenso; era fácil e debera de contarse cos propiamente implicados en cada caso, non son tantas as alegacións que se presentaron, aínda que desconfío que pasou moi desapercibido todo isto pola poboación, senón houbera habido moitas máis alegacións.
Creo que neste caso o goberno local fixo un trámite administrativo necesario, pero quedou ahí; un simple trámite administrativo; un trámite liso e llano; tiña que haberse implicado máis porque ao mellor facendo as cousas concienzudamente, paso a paso, implicando a todo o mundo; ao mellor poderíamos resolver problemas e evitar enfrentamentos entre veciños; e en moitas ocasións, temas de Xulgado.
Este Inventario non está á altura das circunstancias e pediríamos que se estudiara máis dabondo; e dende logo, se vostede está pola labor, conte con nós para chegar a unha

Comisión e pórnos mans á obra con tódalas consecuencias; sería unha boa ocasión para resolver un problema que como ben saben vostedes é unha fonte constante de conflictos neste Concello, e en tódolos Concellos de Galiza. Polo tanto, nós brindámonos a colaborar nesta cuestión no que faga falta e pediríamos, o mesmo que pediron os compañeiros, que quedara encima da Mesa e se estudiara dabondo; non sei si eles estarán dispostos a participar nesa Comisión e se tardamos 1, 2 ou 3 meses máis, non hai problema ningún; non sei se haberá algún problema de tempo pero o certo é que sí poderíamos chegar a acordos e resolver satisfactoriamente para todo mundo. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Eu non podo votar porque simplemente fixen unha alegación, curiosamente, en defensa dos intereses municipais, porque si eu defendo que un terreo é baldío lóxicamente ese terreo é baldío e poderá facélo o Concello que queira. Para mín hai unha cousa positiva neste expediente, o máis importante é que llo fai unha empresa que é a que está redactando o PXOU, e de todo este traballo o máis positivo vai ser que estes camiños van a concordar dalgunha maneira con ese Plan; o que quero decir é que calquera dos veciños pode pedir logo certificacións ó Concello para que os límites dos seus terreos, e camiños, queden definitivamente plasmados; ésta é a gran ventaxa, que se faga un Inventario de camiños que vai a concordar co Plan Xeral.
Para mín o que é sagrado en calquer tema de camiños é a defensa do interés público que ten que primar sobre calquer outro interés; aquí non vimos a defender nada de intereses privados. E certo que sabemos que existen conflictos entre veciños, situacións conflictivas que nalgúns casos remataron nos Xulgado; eu coñezo o problema existente nalgunhas zonas de Bahíña, que incluso nin os propios xuíces superon definir si era público, si era privado, porque son fincas procedentes de herencias de familias onde cada ún, logo, co tempo, tira polos seus intereses; o tema é complexo.
Penso que está perfectamente clara a defensa dos intereses públicos; non existe ningunha flagrante violación dos intereses; podería ser algún caso, o que aquí plantexaba o portavoz socialista, que habería que mirar con lupa, que a ver como se conseguíu iso usurpando terreos públicos, si é que efectivamente se produce, pero nadie aquí ten intereses en defender a algún propietario privado.
¿Póspor este tema?, ten suas ventaxas e ten os seus inconvintes; eu creo que o máis importante é que isto esté adaptado o Plan Xeral, que foi ó que realmente se lle deu publicidade , e que a maioría dos veciños están informados e saben qué fincas son as déles, cales son privadas, cales non, cales son baldíos, cales son de montes, cales son os que establece o futuro Plan Xeral. Eu son optimista e creo que o Plan Xeral se vai a aprobar e se isto está adaptado ó Plan creo que o tema está perfectamente claro; e claro que co Plan haberá novos límites de camiños que se establezcan, terreos que dalgún xeito queden en zonas cunha calificación urbanística distinta, ou se son urbanizables, ou se son ampliación de núcleo; etc. De todas formas sempre será o Alcalde quen vai a decidir sobre este tema despois de escoitarnos a todos; eu, por suposto, apoiaré ó goberno municipal nese senso.
Conflictos privados entre veciños, de tódolos xeitos existirán; en canto ó caso de Bahíña, que aquí se acepta unha alegación, non sei si se adapta a resolucións xudiciais que houbo, ou non; supoño que se terá que adaptar
a resolucións xudiciais que houbo nun conflicto antigo e permanente, desgraciadamente.

**SR.ALCALDE.-** Como dixo o portavoz do BNG, todos estamos a favor de que haxa un bó Inventario de camiños; estamos falando de que hai centos de camiños no Municipio e nos atopamos un problema: que hai un inventario con moita falta de datos, algúns por incorporacións novas, pero sobre todo por inconcrección en casos concretos. O gran problema que temos é que só dende a aprobación inicial levamos case 1 ano, é decir, neste momento hai que intentar sacar adiante este Inventario e inmediatamente coa documentación que se nos poida aportar, se estudiará; éste non é un tema cerrado, non é definitivo; pero non podemos estar máis tempo así porque se está creando inseguridade xurídica. Estamos falando de moitísimos camiños que hoxe se aproban, e que alegacións, algunhas

coincidentes, algunhas estimadas, foron 18; Sr.Fernández, éste non é un tema de consenso, é decir, aquí hai unha base de técnicos que coñecen o Municipio, o analizaron, e tamén de asesores xurídicos que nos dixeron o que era correcto e o que non; non é un tema que o Alcalde ou un concelleiro poida decidir "éste é camiño público porque mo parece a mín".
Hoxe temos que pechar este tema, polo menos para o grueso de camiños do noso Municipio; non podemos seguir nunha situación que cree inseguridade xurídica ós propios veciños.
Penso que se aprobamos fai un ano, na sesión do 4 novembro, inicialmente este documento, os grupos municipais tiveron toda a oportunidade do mundo para poder facer este tipo de concreccións; que non pasa nada, que se poden facer a partir de hoxe, pero nós non podemos parar neste momento porque o que deixamos sen cubrir é moito máis importante que as discusións que agora mesmo se plantexan por parte do partido socialista de dous casos; hai unha discusión moi importante entre veciños que está no Xulgado; dese caso concreto se fixo unha investigación ex profeso reunindo escrituras, comentarios veciñais, etc., e non se puxeron dacordo, e cando chegou unha resolución despois de estudiar todo foron ó Xulgado igual; quero decir que sempre haberá casos que fagamos o que fagamos non van a estar dacordo porque hai intereses contrapostos.
Nós temos que dar seguridade xurídica; nós estamos aquí para defender o público, pero tampouco podemos pisar dereitos que non sexan públicos, polo tanto se hai un asesoramento xurídico e técnico convincente nós lóxicamente temos que apoiálo; ¿qué saia máis documentación que non apareceu ata agora?, ben, o estudiaremos, estamos interesadísimos en facélo; pero entendemos que parar agora este proceso despois de case 1 ano dende a aprobación inicial ao único que nos pode levar é a crear máis inseguridade xurídica nun momento no que non debe ser. Pero repito, si aparece documentación nova, a estudiaremos e trataremos de modificála nos prazos correspondentes, e por iso o que dixo a señora Secretaria de que está aberto e se pode modificar o Inventario de camiños en canto se considere; se mañá mesmo, esa sentencia xudicial chega, o camiño en Percibilleira, lóxicamente teríamos que inmediatamente modificar o Inventario, ou non, según como fora esa sentencia.
Creemos que debemos seguir adiante; se queredes votamos agora a retirada ou que quede sobre a mesa, pero nós entendemos que non debemos esperar máis; repetir que non é unha etapa final, é un proceso; e estamos abertos a que si se pode mellorar o Inventario, encantados, coas aportacións de todo o mundo.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da retirada do presente punto, resultando: votos a favor, 7 (5, PSOE, 2,BNG), votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ), polo cal rexeitase a petición da retirada.**

---

**SR.RODAL, PP.-** Como ya se comentó, en noviembre del pasado año, todos lo aprobamos por unanimidad, y recuerdo que tanto el PSOE como el BNG decían que hubiera una exposición pública lo más clara posible para que toda la gente estuviese informada y pudiese hacer alguna alegación; entendemos, como ha dicho antes el Sr.Alcalde, que todos sabemos que SERVICAT es una consultora imparcial y eficiente; de los que estamos aquí casi ninguno somos juristas ni arquitectos, entonces creo que lo que debemos hacer es confiar tanto en la consultora como en los servicios jurídicos, Secretaría General, y cómo no, en los servicios técnicos del Concello. Eso es lo que tenemos que hacer, no podemos empezar nosotros a analizar punto por punto, no somos especialistas ninguno en temas ni jurídicos ni urbanísticos en este sentido. Debemos confiar en ellos y creo que han hecho el mejor trabajo posible y el más eficaz; por ello creemos que debemos aprobar este punto en este Pleno.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** Nosotros no dudamos en absoluto de los servicios jurídicos de este Concello, como nunca hemos hecho, sino todo lo contrario. Nosotros tenemos solamente dos objetivos: la defensa del interés público, estamos defendiendo dos caminos públicos, que se

convierten en privados a través de las alegaciones; simplemente eso. Entendemos que cualquier circunstancia, las alegaciones que hemos citado (ya que las demás yo personalmente no las he visto), pero que realmente dá lugar a una impugnación de un acuerdo plenario; creemos que debemos defender el interés público y por otro lado creemos que tenemos que intentar evitar la impugnación de un acuerdo plenario, que quizá a algunos de los vecinos de estas alegaciones no le queda otro remedio que eso, por eso nuestra petición de retirada para su posterior estudio.
Obviamente no considero que hayan tenido ningún error, ni mucho menos, sino que lo pone perfectamente el informe jurídico: solicitada la documentación, se ha entregado y se ha estimado la alegación; lo que pasa es que el ciudadano correspondiente no ha entregado toda la documentación ó lo ha hecho sesgadamente; entendemos que hay dos sentencias, que el Concello tiene comunicación de esta situación, y nada más; son los servicios jurídicos y técnicos de este Concello quienes deben determinar; nosotros hemos planteado esta alternativa porque creemos que sería más prudente en un tema tan controvertido y tan difícil y con tanta dificultad en cuanto a los caminos que existen en Baiona y en cualquier otro sitio; es un tema realmente sensible; y es cierto que 18 alegaciones realmente son pocas para un tema tan a flor de piel; entendemos, como dije antes, que es necesario tener un Inventario de caminos, pero nosotros, en este tema, nos vamos a abstener, tanto en el punto 4 como en el 5, y confiamos en que en procedimientos posteriores se solucionen satisfactoriamente en función siempre del interés público y evitando judicializar cualquier situación municipal. Muchas gracias.

**SR.ALCALDE**.- Sr.Estévez, sabe que hay una precisión que hacer, hay camino público, hay camino privado, por supuesto, y luego el gran problema de casi todo: lo que hay es un derecho de paso a unos vecinos y ahí es donde está el gran problema; hay propiedad pero hay derecho de paso.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Cando falei de crear unha Comisión de tódolos grupos e tratar de consensuar, evidentemente se dá por feito que ningún grupo ten que usar persoalismos, é decir, ter arte e parte en cada decisión. Eu non estou dacordo co Sr.Rodal cando dí que isto se contratou a unha empresa, servizos técnicos desa empresa, servizos técnicos municipais, e o informe está aquí; mire, ¿entón para que piden o noso voto?, é decir: aquí a parte política tamén terá algo que decir, ten que participar; e eu creo que é importante facélo porque ó mellor, sobre todo si se vai a unha Comisión e se consensuan o 90 ou o 99% das propostas, das alegacións, ou dos conflictos que poidan xerarse, é moi fácil por parte da Alcaldía e do goberno, e incluso dos veciños licitantes, pois evitar conflictos. Todos coñecemos nos pobos conflictos de Xulgados e de andar a paos entre veciños dende que todos eramos pequenos; iso pasou en tódolos lados e ao mellor seguirá pasando; pero moitas veces se poderían evitar tomando a Corporación unha decisión firme. Creo que é importante chegar a esa conclusión e en todo caso é moi importante tratar de evitar conflictos entre veciños; para iso debe estar o Concello; e evidentemente que haberá moitos que ó final acudan ó Xulgado e nin así, terán recurso trás recurso durante toda a vida; xa non hai remedio para evitálo; pero na medida do posible, o que esté ó alcance das nosas mans, cun tema tan complexo e tan difícil como éste, eu creo que sería bó intentálo; eu, dende logo, na miña etapa de goberno foi unha das cousas que me truxo de cabeza, como lle traerán a vostedes en moitísimas ocasións; non era tódolos días, pero case.
Permítame decir que non vín o expediente final, si están recollidas tódalas ampliacións de camiños que se fixeron polas cesións obrigatorias por lei, si están recollidas todas; creo recordar que no camiño Virxe do Carmen, en Sabarís, o que dá ó Convento de Clausura, houbo un conflicto e o resolvemos, o resolvemos definitivamente por mutuo acordo das propietarias, neste caso o clero e o Concello, e foi resolto no mesmo día que nos puxemos a traballar nél; é decir, foi sentarse a falar e resolvélo automáticamente; moitas veces estes problemas se resolven así, por iso decía que ao mellor era bo intentar chegar a crear unha Comisión e resolver moitos conflictos. Nada máis.

**SR.VILAR, CMÑ**.- En canto ó problema de Bahíña, pón no informe: "Da documentación aportada resulta a existencia dun camino propio...", é que non se definíu ben isto; como "propio" entendo que é de tódolos veciños que forman parte do camiño; non lle dá a razón a ningún, ¿non?; "....de 25 mts de largo por dos metros de cincuenta centímetros. Asemade da documentación obrante no Concello resulta que a interesada obtivo licenza municipal nº 103-7/96 de peche de finca", é decir que non estamos modificando en absoluto nada do que xa existía, creo eu; non estamos modificando nada; aquí o gran temor dalgunha destas propietarias, que a mín me chamou fai uns días, era que se modificara algo, pero eu entendo que aquí non se modifica nada do existente; as veces hai alegacións que son innecesarias; non crean ningunha situación nueva nin distinta á que había; polo tanto, en conciencia, creo que non se vai a perxudicar a nadie; creo que non hai nada contra nadie, todo o contrario, ás persoas que alí viven eu lles teño un gran afecto persoal.

**SR.ALCALDE.-** Este é un tema tan técnico que dende logo o que non vai a facer o Alcalde é decir o contrario do que dín os informes técnicos e xurídicos; é decir, se os técnicos xurídicos e urbanistas dicen que este é un camiño público, o Alcalde non vai a decir que non o é; e ó revés; o Alcalde nunca irá en contra do que os informes digan; haberá vontade de consenso, pero de prevaricación ningunha.
Eu o teño claro; estamos encantados de recibir tódala documentación para que os técnicos a analicen; que nos dicen que sí, encantados; que algún pasa a ser público, encantadísimos; pero claro, nun réximen onde hai propiedade privada tampouco é cousa de que o Alcalde diga que todo é público; temos que ter un pouco de sentido común; o compromiso do goberno é que calquer documentación nova que chegue a estudiaremos, e si os técnicos consideran que se cambia a situación, modificaremos no seguinte Pleno que poidamos facélo.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Insistir en que todo isto tamén é contrastable co catastro; é decir, hai un catastro municipal que marca cales son as fincas, cales son os camiños públicos, privados; o catastro axuda, é unha ferramenta máis; é un elemento de axuda para calquer dúbida que poda existir; e pode haber unha contradicción manifesta entre unha escritura e o catastro, entón se terá que hilar fino. Hai unha serie de elementos que os técnicos antes de valorar unha alegación teñen que contrastar, ese é o seu traballo e a sua obriga.
Falando dende a miña propia experiencia sobre conflictos por camiños, penso que a gran solución é a aprobación do PXOU; sen lugar a dudas; porque o Plan Xeral xa por sistema é público; se lle dá moita publicidade, todo o mundo acude a vélo; cando, como decía Xose Enrique, ao mellor isto pasou un pouco desapercibido, polas razones que sexan. Creo que o Plan Xeral é o que vai a marcar definitivamente os camiños; e ten que haber unha gran coincidencia entre o inventario e o Plan Xeral, porque a gran ventaxa é que é a mesma empresa, e perdoneme que sexa un pouco redundante neste asunto. Os conflictos entre veciños sempre os haberá; aquí hai problemas de todos coñecidos que xa non é o metodo, é a irracionalidade; e ante iso nosotros non podemos combatir; penso que aquí non hai nadie, ningún grupo político, que quera enfrentamentos entre os veciños senón que se resolvan.

__________________________________________

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do punto 5.-APROBACION DAS ALEGACIONS Ó INVENTARIO DE CAMIÑOS, resultando: votos a favor, 8, PP; producíndose 8 abstencións (5,PSOE, 2,BNG, 1,CMÑ).**

**Polo cal, o Pleno, por maioría, ACORDA:**

**- Estimar e desestimar as alegacións no senso que figura na proposta técnica.**

__________________________________________

**O Sr.Alcalde procede á votación do punto 6.-APROBACION DEFINITIVA DO INVENTARIO DE CAMIÑOS, resultando: 9 votos a favor, (8,PP, 1,CMÑ); abstencións: 7 (5,PSOE, 2,BNG).**

**Polo cal, o Pleno, por maioría, ACORDA:**

**- Aprobar definitivamente o documento "Inventario de camiños e Vias" redactado pola consultora SERVICAT que sustituirá ó Inventario Municipal aprobado polo Pleno da Corporación con data 19/01/2001 Grupo C do epígrafe 1º Bens Inmobles do Inventario Municipal.**

**7.-FESTIVOS LOCAIS DO ANO 2011.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP,** quen procede á lectura da seguinte:

**PROPOSTA DO GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE BAIONA**

**Os concelleiros integrantes do grupo de goberno do Concello de Baiona formulan, dentro das competencias do Concello en materia de festas locais, e á vista do Decreto 10/2010, do 17 de xuño, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2011 na Comunidade Autónoma de Galicia, para a sua discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario, a seguinte proposta:**

**Primeiro.- Aprobación como Festas Locais en Baiona para o ano 2011:**

- **Festividade de Santa Liberata: 20 de xullo de 2011.**
- **Festividade de San Cosme e San Damián: 26 de setembro de 2011.**

**Segundo.- Remitir este acordo á Consellería de Traballo.**

______________________________________________

**CONTINUA.-** Un año más nos encontramos con este punto del Orden del Día; creo que todos estaremos de acuerdo en que la festividad de San Cosme y San Damián debe figurar como Fiesta Local para 2011, más todavía cuando el 26 de septiembre coincide un lúnes; recordar que el año pasado dijimos que no porque coincidía en domingo. Es una romería tradicional por excelencia en Baiona, e incluso en el Val Miñor, sobre todo porque al coincidir en lúnes que es día laboral y al ponerlo festivo también los Colegios disfrutarán de esa fiesta, tanto los de Baiona como los de las demás parroquias. Como ya se comentó otros años al tratar este punto, creemos que debemos de potenciar esta festividad, porque todos recordaremos que esta Fiesta, aunque se intenta potenciar cada año más, ya tuvo momentos mucho más altos.
Con respecto a la festividad de Santa Liberata creo que ya es el tercer año consecutivo que es el 20 de julio; no ponemos la Virgen del Carmen por coincidir en sábado, entendemos que es mucho más propio poner Santa Liberata.
Creo recordar que el año pasado por parte de los grupos de la oposición hubo una queja porque había coincidido, como nos ocurrió este año, en julio, con lo cual con una diferencia de 4 días resultaban 2 festivos; pues este año ya no ocurrirá eso porque Santa Liberata será el 20 de julio y San Cosme y San Damián el 26 de septiembre.

**SR.LORES, PSOE**.- Entendemos que éste é un tema de goberno; aínda que ven ó Pleno entendo que podería facerse directamente; non vamos a entrar en cal é o santo mellor, non o fixemos nunca; o que nos gustaría é cunha festa fora de tipo relixioso e outra de tipo laico. Tamén parecíanos boa idea que fora o 1º de marzo; pero nós ímonos abster porque pensamos que é un tema do goberno; e todos os santos son bós.

**SR.ALCALDE**.- Vaille explicar o Sr.Fernández que San Cosme e San Damián non é porque sexan dous santos, é porque é a festa das noces e da mel.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Eu non sei si eran santos, penso que eran médicos; en todo caso nós fixemos unha proposta na Comisión Informativa e seguimos mantendoa; estamos dacordo con que a festa laico-eclesiástica de San Cosme e San Damián debe de potenciarse; é unha festa moi arraigada no Concello de Baiona e en todo o Val Miñor, como decía o portavoz do PP; creo que é a única romería que queda polos arredores e debera potenciarse, unha das romerías máis bonitas do Val Miñor, senón é a máis bonita de todas; debemos potenciála, e é un bo motivo para facéla Festa local.
Con respecto a Santa Liberata, seguimos insistindo en que as festas parroquiais, os días das patronas, festas locais de cada parroquia, deberán ser rotativas e deberá de trasladarse cada ano unha dependendo de se cadran en festivo ou non; eu sei que isto é dificil de asumir para algún grupo político localista, me refiro á localidade de Baiona, é dificil de asumir por parte do equipo de goberno polos vínculos que lle unen ó clero; en todo caso, o que sí é certo, e un dato obxetivo irrefutable, é que o comercio en Baiona non está dacordo en facer días festivos e moito menos dous días festivos continuos na localidade no mes de xullo, en plena temporada alta, que por un lado temos aos empresarios que teñen que traballar ese día, e van a facélo sexa festivo ou non, e por outro lado temos aos empregados das empresas que sendo días festivos teñen que vir a traballar cobrando o mesmo salario que senón fora festivo; e iso sabemos que é unha realidade; e este ano houbo moitísimas queixas dos comerciantes, empresarios de Baiona (e vostedes o saben tan ben como eu), por facer no mes de xullo dous días prácticamente case consecutivos Festa local, porque acarrea eses problemas.

Polo tanto entendemos que cada parroquia debía ter un día, Belesar, Bahíña, Sabarís, Baredo, etc., e o outro día debíamos adicálo a potenciar a festa de San Cosme e San Damián, pola romería que se fai, e que o Concello debera de implicarse moito máis do que se implica na sua potencialización. A nosa proposta é esa.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Evidentemente que hai unha festa que é San Cosme e San Damián pola que eu sinto unha gran debilidade; sempre a defendín e penso que o goberno municipal tamén, e habería que potenciála ó máximo; festa de carácter antropolóxico, ligada á historia de Galicia, ás nosas tradicións, ó campo especialmente; por certo que o primeiro que lle deu un golpe mortal a esta festa foi a propia Igrexa cando cambiou o día 27, que era o día tradicional de San Cosme, polo día 26; o 26 era a véspera; isto foi un golpe mortal porque dalgún xeito deixaron de vir a Baiona os romeiros que naquel disco de Joselín tanto se nomeaban. Penso que nun futuro haberá que facer un esforzo con esta festa, como se fai no 1º de marzo, para que os zoqueiros, os que venden a mel, os que viñan antes coas ovellas, estén ahí, na festa de San Cosme e San Damián, ademáis que coincide coa época escolar polo que poden vir tódolos escolares.
En canto á Santa Liberata, virxe e mártir, decir que dalgún xeito é unha santa ligada a Baiona, e a Sabarís especialmente, porque non esquezamos a historia de Santa Liberata coas suas irmáns, e da criada Santa Sila, e da ponte do rio Miñor, o dí a tradición secular; dalgún xeito está moi ligada a Baiona e a Sabarís, e existe un gran fervor relixioso en torno a esa festa; tampouco olvidemos que Santa Liberata é unha das patronas, ou a patrona, de Baiona, e de feito foi festivo en tódala Diócesis cando se fixo o templo de Santa Liberata; polo tanto, temos que seguir a tradición; tradición ligada ao mellor ó fervor relixioso, pero unha cousa non ten que ver coa outra. O feito de mantéla me parece bo.
En canto ó que plantexa das festas rotativas, iso non da resultado; non dá resultado porque case tódalas festas parroquiais son en verán, entón teríamos o mesmo problema que se aducía antes; ¿unha festa local que sexa en Belesar, e pechar Baiona?, sexamos realistas, non rompamos a tradición, o comercio está aquí; xa Santa Cristina celebra o seu día en Sabarís; en Belesar, San Lorenzo; en Baredo, a Cela.
Pero temos que ser realistas; o xogo ten que ser éste, ten que ser un xogo variable, porque moitas veces coinciden en domingo e entón hai que xogar con outros días; fai dous anos fíxose o

lúns da Anunciada porque non había outra data. Ademáis ós escolares non se lles perxudica porque dí o calendario escolar que se as festas escolares coinciden co verán o claustro de profesores e o Consello escolar poden elexir un día máis durante o curso.
Este tema se debatíu sempre, incluso recordo cando o gobernaba o Partido Socialista, que defenderon a morte Santa Liberata; curiosamente. Recurriron á libertade de voto, e resulta que saíu tamén Santa Liberata.
Penso que estas datas que propómos son as máis aceptadas por todos; por certo, hai comercios nesta localidade que abren incluso os domingos; outra cousa é que teña que pechar a Banca, etc., o problema é que o Sr.Fernández non vive Santa Liberata, festa que por certo xa antiguamente existía. Nós estamos a favor deste punto.

**SR.RODAL, PP.-** Agradecer tanto al BNG como al PSOE por, digamos, que haya consenso, como fué el año pasado; desde el partido socialista se pide también San Cosme y San Damián y una fiesta laica, como el año pasado la Arribada; y desde el BNG, el Sr.Fernández, lo mismo, pide por la romería tradicional que es San Cosme y San Damián y por el tema de las parroquias; lo que pasa es que el año pasado ya le dijimos que entendemos que no debe ser así, y usted ponía el ejemplo de Nigrán, pero Nigrán no está haciendo rotación por las parroquias; Nigrán sigue jugando con San Juan, 24, y San Pedro, 29, y aun por encima coinciden las dos en una distancia muy pequeñita cuando Nigrán tiene bastantes parroquias.
Por cierto, hoy este punto del Orden del día duró muy poquito, el año pasado fué muchísimo más largo; hoy tenemos personas muy estimadas entre el público pero el año pasado había bastante más personas porque estaban las del AMPA de Fontes, digo ésto porque cuando hay público sobre todo el Sr.Fernández se anima mucho más; que por cierto, animo a que haya mucho más público aquí.

**SR.ALCALDE**.- Quiero romper una lanza por el Sr.Fernández porque realmente es quien tiene el mayor espíritu religioso de todo el Pleno porque él apoya que sean todos los santos del Municipio los que se homenajeen; por lo tanto creo que a veces se critica fácilmente al portavoz del BNG pero creo que Don Moisés lo tendrá en consideración en sus oraciones.

**SR.LORES, PSOE**.- Teño que recoñecer que estou en inferioridade neste tema, pero empézame a preocupar que a Virxe da Anunciada esté sempre menospreciada como patrona de Baiona; entón, se para o ano teño o honor de estar neste Pleno proporei que a festa sexa a Virxe da Anunciada e pasámola ó lúns, non haberá problema. E ademáis vou a propór un irmanamento co pobo de Urueña, en Avila, que tamén ten como patrona a Anunciada.

**SR.ALCALDE**.- Non sei si entramos xa en campaña electoral. Eu tamén defendo a Anunciada.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Este é o mundo ó revés; resulta que agora é a primeira vez na miña vida que escoito a Manolo Vilar decir que a igrexa deu un golpe mortal a esa festividade; Sr.Vilar, eu fágolle unha proposta: ¿porqué non facemos Festa local o día 27 de setembro?; facemos o 27 a festa local de San Cosme e San Damián, o día da romería; haxa misa ou non, eu non vou a ir; fagamos o 27 a festa; ao mellor chegamos a un consenso.
Vostede decía cun pouco de sorna que Santa Liberata era unha santa de gran tradición en Sabarís; mire, iso é vivir nun mundo aparte, é decir, vostede non vai a Sabarís tanto como debera; cando hai festa local o 20 de xullo en Sabarís dicen "¿porqué están botando fogos; qué pasa hoxe?; ninguén sabe; este ano sí supemos que había unha procesión en Baiona de Santa Liberata porque anduvo todo o día un altavoz de arriba para abaixo, dun lado para outro; as veces nin se lle entendía. Vostede sabe ben que a festa de Santa Liberata pasa totalmente desapercibida en todo o Concello agás o casco de Baiona, e van 4 á procesión, vostede entre eles; pero nada máis; é unha festa que pasa desapercibida porque non ten maior repercusión, sí para o clero, e somos moi respetuosos ó respecto coa xente que é creinte, pero nada máis. En cambio as festas patronais de cada parroquia sí que teñen repercusión; eu lle podo asegurar que en Sabarís o día 20 de xullo traballa todo o mundo, agás os organismos oficiais, de maneira ordinaria e

normal, e o día da patrona non traballa ninguén; e o mesmo que en Sabarís sucede en Belesar, con moitísimo máis arraigo que ningunha parroquia de todo o Concello, e sucede en Baredo, e sucede en Bahíña. O que pasa é que a vostede non lle entra na cabeza nin de broma que o día de San Lorenzo que sexa festa local en Baiona; a iso chegaríamos ¿non?; se lle romperían tódolos esquemas e non sería capaz de xustificálo ante ninguén; eu sí, eu xustificaría isto ante calquera.
Con respecto a Nigrán, se celebran San Xoan, San Pedro, e San Félix, porque o resto das parroquias xa son festivos de por sí; entre elas o 25 de xullo en Parada, que é festa en toda a nación; polo tanto, sí se celebra rotativamente, dependendo de que cadre en festivo ou non; o mesmo que teríamos que facer aquí; polo tanto non estou dacordo co plantexamento que fan. De todas formas, como decía o compañeiro, é unha cuestión de goberno, fan a proposta e é normal que saia adiante. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Hai unha cousa na que ao mellor tiñas razón, quizá naquel momento cando a Igrexa suprimíu o día 27, para o 26, estaba eu de Alcalde e posiblemente teño que recoñecer un erro, e se supera iso mantería a festa Local o 27, porque repito que a Igrexa cometeu un gran erro nese sentido, o cometeu; e eu, se un día o goberno municipal propón esa opción, e ún está aquí para votar, eu o apoiaría; o que pasa é que ten que ser o goberno municipal quen tome esa decisión de apoiar que sexa o día 27 e non o 26, e ao mellor se fai un favor porque hai unha cousa curiosa: en Sta.María de Oia se celebra tamén o día 27; eu non tería ningún problema en apoiar ese tema.
Pero vamos ó eterno debate: Sr.Fernández, para mín Sabarís é Baiona; eu ligo á historia da tradición de Santa Liberata ao río Miñor e á ponte romana da Ramallosa; eu ligo a historia a esa tradición, e por iso digo que é unha santa ligada a Sabarís. Vostede sempre busca a separación Baiona-Sabarís, Baiona-parroquias, é unha teima que vostede leva dende fai moitos anos; para mín Sabarís é Baiona, e se gasta o mesmo en Baiona que en Sabarís, incluso hai momentos en que se gasta máis en Sabarís; se potencia Sabarís a nivel turístico, en tódolos aspectos, aínda que vostede, coa sua ceguera, quer mirar esa separación que é absurda.
E vostede fala moito das festas parroquiais, ¿a cántas ceremonias e a cántas festas parroquiais vai vostede?.
Vostede tiña que ir á ceremonia, tiña que estar alí cos veciños, e a sua obrigación estar alí; hai que ir ás parroquias, Sr.Fernández, porque eu lle vexo pouco por elas; e especialmente os días da festa, polo menos aínda que sexa para estar no adro da Igrexa, e charlar cos veciños, aínda que non entre; é un sitio de reunión e vostede tiña que estar alí; vostede nunca vai. O día das festas en Belesar eu vexo os veciños que toman os viños alí, nas tascas, e vostede nunca vai e tería que ir.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1, CMÑ), votos en contra, 2,BNG; abstencións, 5, PSOE.**

**Polo cal, o Pleno por maioría, ACORDA:**

**<u>Primeiro</u>.- Aprobación como Festas Locais en Baiona para o ano 2011:**

- **Festividade de Santa Liberata: 20 de xullo de 2011.**
- **Festividade de San Cosme e San Damián: 26 de setembro de 2011.**

**<u>Segundo</u>.- Remitir este acordo á Consellería de Traballo.**

---

**<u>8.-MOCION DO PSDG-PSOE RELATIVA A SUPRESION DA ENSINANZA DE EDUCACION DE ADULTOS NO CPI COVATERREÑA.</u>**

A **SRA.MIGUEZ, PSOE,** procede á lectura da seguinte **MOCION:**

**O Grupo Municipal Socialista**, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**Dende o ano 2007 véñense impartindo no CPI Covaterreña as ensinanzas de educación para adultos, para a obtención do título de graduado en ESO, tendo dende o momento do inicio unha importante demanda, funcionando este ano con 15 alumnos nos módulos III e IV e tendo que desviar alumnos a outros centros pola falta de mais oferta neste centro.**

**No Diario oficial de Galicia do 21/06/2010 queda derogada a orde pola que se trasladaba a ensinanza de educación para adultos dende o instituto 1º de Marzo ó CPI Covaterreña e publicase a relación de centros autorizados para impartir dita ensinanza, quedando en consecuencia como centro educativo mais cercano onde se imparta en todo o Val Miñor o IES Escolas Proval de Nigrán.**

**Tendo en conta que a educación para adultos é fundamental para a adquisición de formación básica para os maiores de 18 anos e mais neste momento no que a falta de traballo fai que moitas persoas aproveiten para mellorar a súa cualificación profesional, sendo para elo imprescindible o título de graduado en ESO e que a ubicación do IES Escolas Proval resulta para un veciño de Baiona de imposible acceso se non se dispón de medio de transporte propio, e polo que o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta Moción, para que se adopte o seguinte ACORDO:**

- **Manifestar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coa máxima urxencia a preocupación do Concello de Baiona pola supresión da oferta da ensinanza de educación para adultos no CPI Covaterreña de Baiona.**
- **Instar á Consellería de Educación a que volva a incluir dentro dos centros autorizados para impartir a ensinanza para adultos ó CPI Covaterreña, na modalidade existente hasta este curso como mínimo, tendo en conta que a demanda é superior ó que actualmente se oferta neste centro.**

---

**CONTINUA.-** Como había manifestado no Pleno anterior, no cal a moción quedou sobre a mesa, este ano nos módulos III e IV houbo 17 alumnos en Covaterreña; 11 non puderon entrar por non existir os módulos I e II, e tiveron que ser desvíados a outros Centros. O CPI Covaterreña, para que se impartise esta ensinanza no centro, había feito un esforzo destinado parte do persoal existente xa no Centro para esta oferta, co cal soamente foi necesaria a incorporación dunha persoa máis para as ensinanzas en linguas.
Nós creemos que é un erro sacar esta ensinanza de aquí porque segue existindo a demanda; este ano se había pedido ademáis que houbese tamén os módulos I e II, que son os anteriores, e que a xente que non ten ningún tipo de titulación necesita para facer os módulos III e IV, e que nos encontramos coa sorpresa por medio do Boletín de que se retira tamén esta outra ensinanza. Creemos que Baiona ten suficiente demanda como para mantér esta oferta.

**SR.ALCALDE.-**O grupo de goberno está preocupado, a nivel xeral, polo tema da Educación; de feito pedimos información sobre este tema, como xa comentamos; falei directamente o lúns ou mártes co Conselleiro, ademáis de sinalar que queríamos ter unha entrevista non só para tratar este tema senón tamén para potenciación do Instituto 1º de Marzo, e tamén polo futuro de Covaterreña porque como sabedes está o proxecto pendente. O Conselleiro comentoume que nos recibiría antes de acabar este mes de agosto, que antes do 22 non podía por ter a axenda ocupada, pero que a partir dese día 22 nos ía a recibir e que mentres revisarían tódolos temas que lle comentei, e que nos preocupan a tódolos grupos. Por este motivo pediría a retirada desta

moción e deixála sobre a Mesa á espera da reunión, para ter claro o que o Conselleiro nos poda informar e sobre iso actuar.
Repito que a preocupación nosa é importante, seria, a nivel xeral; é importante que Baiona manteña un nivel educativo porque é o futuro de novas xeracións, e aínda que os datos do paro no noso Municipio son mellores que outros da área metropolitana de Vigo, entendemos que o futuro pasa por mellorar todavía máis a Educación.

**SRA. MIGUEZ, PSOE**.- Sobre a mesa quedou no Pleno anterior, fai un mes; e o acordo que se pide aquí non ten ningún tipo de carga política, nin compromiso, nin ten nada como para que quede outra vez sobre a mesa; o que non ten sentido entón é que esta moción se houbese incluído outra vez na orde do Día si é que vai a volver a pasar exactamente o mesmo. Me preocupa, e veño observando, por exemplo, que na oferta educativa de Nigrán este ano no Pro Val están Educación para adultos, Formación Profesional para adultos por libre, agora a incorporación da Escola de idiomas en inglés co 1º e 2º curso básicos, e 1º intermedio; e en Covaterreña se retira a Educación de adultos e se retira a escolarización infantil en galego, a liña que había para escolarización en galego, que era outra cousa que os pais demandaban, de feito se atoparon coa sorpresa cando ían a matricular ós nenos de que xa non o podían facer; entón non entendemos tampouco que ó final Baiona esté perdendo oferta educativa.
Esta moción non pide tomar ningún tipo de acordo que sexa complicado; entón, si se vota que queda sobre a mesa, moi ben, pero non vamos a retirar a moción.

**SR.ALCALDE.-** Non se trata de aprobar mocións por aprobar cando temos a máxima autoridade en Educación en Galicia que nos recibíu; todo isto que estamos falando xa llo comentei con él para que estudiara as nosas reclamacións; evidentemente entendo que podemos esperar perfectamente e non aprobar mocións para non conseguir nada (xa fixemos tantas ó Goberno Zapatero, e ó anterior bipartito); creo que neste caso temos a porta aberta para expór todo isto que estamos decindo. O que queremos nós non é sacar un titular de prensa senón resolver problemas; e lóxicamente vamos a defender a Baiona no tema da Educación, independentemente de que tamén, por temas de xestión, estamos defendendo a Mancomunidade, a Escola Oficial de idiomas, que se conseguíu porque os 3 Alcaldes así o pedimos en Santiago, e despois de estudiar os posibles Centros nós propuxemos ún, Nigrán outro, e Gondomar outro, e se acordou porque había unha serie de condicións favorables nese sentido; pero igual que digo que se pode concentrar nesa zona determinada a Escola Oficial de Idiomas (que non había no Val Miñor) dende logo Baiona busca compensacións para a poboación de Baiona; e que no Val Miñor teñamos máis posibilidais das que tiñamos antes; isto é o que temos que discutir e lograr.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Simplemente decir que para nós, unha demanda de escolarización deste tipo de ensino, ten que ter unha resposta por parte da Xunta; polo tanto, nos parece adecuada a moción en tempo e forma e vamos a apoiála.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Temos que defender á morte que nos desaparezca ningunha das ofertas educativas en Baiona; de feito Baiona hoxe en día é un sitio central, incluso veñen alumnos de Sta.María de Oia ó Instituto 1º de Marzo; entendemos que debe ser algo prioritario defender esta oferta educativa para adultos no CPI Covaterreña. Creo que dende a Xunta de Galicia cometen moitas veces o erro de centralizar o Val Miñor noutros Centros cando Baiona ten moitísimas máis ventaxas que o Proval, porque por exemplo nós temos autobuses directos, está nunha zona urbana; queiramos ou non, hai diferencias; o Proval, con tódolos respetos, está nunha rúa perigosa como é a carretera de Gondomar a Ramallosa e que non ten color coa situación de Covaterreña con tódalas suas instalacións anexas. Entendemos que temos que defender Covaterreña ante a Consellería con argumentos, sobre todo tendo en conta que esta era unha ensinanza que antes se daba no Instituto 1º de Marzo, pasou para abaixo para unificarse porque considerabase que daba facilidades, tendo en conta os alumnos de Santa María de Oia, e tendo en conta que se está cometindo un gravísimo erro con esa indiscriminación con Baiona ó querer potenciar Centros do Val Miñor que non teñen as condicións de Baiona para captar alumnos; eses

deben ser os argumentos; e non dudo que o Alcalde, polas conversacións que mantivo conmigo, está dacordo por completo; nós estamos completamente dacordo con esta moción e sobre todo tendo en conta de que hai que diversificar a oferta do Val Miñor, non pode levar Nigrán a Escola de idiomas, non poden estar ahí potenciando líñas de galego en prexuizo de Baiona; hai que repartir, e para conseguir isto o mellor é o diálogo. O importante é que a Corporación de Baiona se implique directamente co Conselleiro neste tema e repito que eu confío no Alcalde porque sei que si conseguimos unha entrevista como xa está prevista co Conselleiro de Educación para falar deste tema e doutros, iso e positivo.
Penso que a Moción pode esperar, é unha iniciativa que eu valoro persoalmente por parte do PSOE, de feito Laura está na APA de Covaterreña, e me parece que é unha persoa sensible con este tema; pero dende o noso punto de vista, este análisis que nós facemos, é co debemos estar todos dacordo: Baiona ten que defender a sua oferta educativa e sobre todo que os Centros de Baiona non mermen profesorado (porque ao mellor hai tendencia noutros centros de reaxustes para mermar profesorado). Este é outro tema que hai que defender salvo que esté moi argumentado, ou sexa: senón hai alumnos non pode haber profesores.
As veces tamén hai un pouco de demagoxia por persoas alleas que o queren crear é un conflicto dentro da Ensinanza innecesariamente; entón o mellor é ter datos reais, falar co Conselleiro, e defender este tema como hai que facélo. Penso que no Val Miñor o mellor Centro para dar a Ensinanza de Adultos é Covaterreña, pero sen discusión: proximidade da parada de bus, zona urbana, seguridade, no casco, etc; creo que estes son os argumentos que hai que defender e non dudo de que da reunión sairá algo positivo. Moitas grazas.

___________________________

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación de deixar sobre a Mesa a presente Moción ata ter a entrevista co Conselleiro, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1, CMÑ), votos en contra, 7 (2,BNG, 5, PSOE), polo cal a Moción presentada polo PSOE fica sobre a Mesa.**

---

**<u>10.- ROGOS E PREGUNTAS.</u>**

**<u>- ROGO DO PSOE.- SR.LORES:</u>**

**- E un ROGO referente ó paso de peóns na Avenida de Sabarís frente ó novo Centro Comercial; antes cruzaban poucos peóns pero agora coa apertura dese Centro xa non é así; ROGAMOS que se incremente a sinalización tanto vertical como horizontal.**

**SR.ALCALDE.-** Falouse coa Consellería polo tema do proxecto da saída da autopista (están estudiando o tema en canto á rotonda, etc.) e entendemos que isto tamén está dentro da seguridade en tódala zona, e como foi algo novo posterior a esas reunións, xa falemos con eles para que se poida incorporar. Estamos pendentes de ter unha reunión porque sabedes que houbo un cambio de Xefe Territorial de Medio Ambiente e estamos pendentes do nomeamento do novo Xefe; en canto ocurra teremos a reunión coa Comisión de afectados, e dende logo incluiráse este tema porque sabemos que é algo importante.

**<u>PREGUNTAS.- SR.LORES:</u>** As preguntas están relacionadas coa información que temos de que hai algún tipo de problema de viabilidade no aparcamento da Palma, e que os empregados levan algúns meses sen percibir os seus salarios.

**- ¿En qué situación se atopa a concesión é entidade mercantil ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A.?.**

**SR.ALCALDE.-** Segue o ritmo normal, cumprindo o tempo da sua concesión.

- ¿Cántos meses levan os traballadores sen percibir os salarios?.

**SR.ALCALDE.-** Preguntados os afectados nos dixeron que non había ningún problema.

**- ¿Cándo se van a iniciar as obras de acondicionamento exterior?.**

**SR.ALCALDE.-** Estamos pendentes da autorización de Patrimonio; hai unhas diferencias técnicas sobre o tema do ascensor, piden cambiar de material e algunha cousa máis.

**- ¿Cál foi a razón de prohibir o estacionamento na rúa Alférez Barreiro?.**

**SR.ALCALDE.-** Houbo 2 principais, e unha accesoria. Foi pedido fai tempo por usuarios da zona, usuarios das terrazas, que pediron un tratamento similar á rúa Elduayen; e a máis importante porque os transportistas se queixaban de que ó facer carga e descarga para a zona de Fonte de Ceta, e demáis rúas, (que aínda encima teñen a cuesta) que dende Elduayen quedaba a moito distancia; eu creo que combinando as duas cousas saíu ben; aparte, decía a accesoria, é impedir que o portavoz do PSOE aparque en prohibido, encima da acera; pero ésta é accesoria.

**SR.LORES**.- Entendemos que pode haber algunha relación entre iso e levar os coches ó aparcamento da Palma.

**SR.ALCALDE.-** E un tema de transporte da carga e descarga; o certo é que a impresión de mellora da zona é evidente.

---

**SR.LORES**.- As seguintes preguntas están relacionadas coa limpeza e ó orde en Baiona.

**- ¿Con qué periodicidade se limpan os contenedores do lixo?.**

**SR.VILAR, CMÑ.-** Os contenedores amarelos, que están suxetos a contrato coa empresa URBASER, se limparon a finais de xuño.; nos verdes, facemos nós as veces algún baldeo; según os contratos poden ser ó ano 3 ou 4 veces coa empresa, que por certo, espero que toque para a semana próxima.

**- ¿Cándo foi a última vez que se limparon, os verdes?.**

**SR.VILAR, CMÑ.-** A finais de febreiro.

**- ¿Existe un plan sistemático de baldeo das rúas?.**

**SR.VILAR, CMÑ.-** Sí; como tódolos anos, cando se adentra o verán, iniciamos o plan sistemático de baldeo de rúas; xa se iniciou agora e de xeito periódico se mantén durante todo o verán, dende as 6 da mañá temos unhas brigadas que se adican ó baldeo das rúas, como tódolos anos vimos facendo.

**- ¿Cál é a razón de que non se utilice a barredora?.**

**SR.VILAR, CMÑ.-** Sufríu unha avería normal neste tipo de máquinas; estáse reparando na Coruña, por certo, intentamos reparála na zona de Vigo e non pudo ser; a concesionaria está en VEICAR, na Coruña, por iso se levou alí. Decir que se fixeron incluso xestións con algunhas empresas como FOMENTO que ten barredoras, pero a verdade é que o programador da mesma entra nuns sistemas de ordenador e eles non se comprometeron a facélo, como houberamos querido nós; polo tanto non houbo máis remedio que levála á Coruña e supoño que xa estarán

a punto de arranxála; faltaban algunhas piezas que tiñan que vir de Alemania; espero que esté aquí a semana próxima.

**- ¿Qué número de Policías están de servicio en horario nocturno?.**

**SR.ALCALDE.-** Hai un operativo especial de noite de xóves, vénres e sábado, que son 6 Policías, é decir, prácticamente a mitade da plantilla.

**- ¿Existen patrullas polas rúas durante a noite?.**

**SR.ALCALDE.-** Sí.

---

**PREGUNTAS DO BNG.-**
**SR.FERNANDEZ.-**
**1º - As caravanas que hai en Sabarís, das festas, ó lado da rotonda do Camping, ¿ata cándo pensan telas alí instaladas?, levan case 1 mes.**

**SRA.IGLESIAS, PP.-** Non teñen permiso para estar alí; xa foi a Policia.

**2º - Fai un mes aproximadamente, ou quizás máis, solicitamos por Rexistro ver a documentación do proxecto do carril-bici Baiona-Silleiro e da rotonda de Sabarís, e nos contesta o Alcalde que a Consellería indicanos "que será necesario que lle indiquen a documentación concreta co fin de poder determinar o día e hora no que poderá consultar a mesma"; eu non quero ir á Consellería, eu quero ver a documentación que se ten no Concello, o proxecto; entón pediríalle que me dixera cando podemos acceder a él.**

**SR.ALCALDE.-** Creo que está xa ben contestado. E o que a Xunta nos dí a nós, e que lle transmitimos a vostede.

**- ¿Entón non hai proxecto no Concello?. ¿Non ten proxecto para poder vélo a oposición?, algo terá que ocultar Sr.Alcalde, para non o ensinar.**

**SR.ALCALDE.-** Está contestado.

**3º - ¿En qué situación se atopan as obras suspendidas do PLAN E?.**

**SR.ALCALDE.-** Contestarei no próximo Pleno.

---

**SR.ALCALDE.- Quero facer un comentario; fai exactamente 10 días houbo un cambio na directiva do Circulo Social Valle Miñor de Buenos Aires, que como saben incorporan ós 3 Concellos, xente que emigrou; quixera aproveitar dende aquí para agradecer o traballo que fixo o ata agora Presidente, José Carlos Panteón Fernández, da parroquia de Santa Cristina, e felicitar ó novo Presidente D.Manuel Gonda Luis, tamén de Baiona. Aínda que na directiva hai persoas dos 3 Concellos, estas duas son de aquí; e á Secretaria que continúa, que é Rita Fernández Acevedo, tamén de Santa Cristina, casada cun veciño de Baredo, con Roberto Navós. Agradecer o traballo feito á directiva anterior e felicitar á nova.**

---

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as trece horas e coarenta e cinco minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.